

**Artigo. 55 Procedemento sancionador.**

A imposición de sancións esixirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria, Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

Os titulares de abastecementos privados serán os responsables da súa xestión e mantemento.

Nestes casos o Concello non estará obrigado a realización de obras de mantemento ou reparacións salvo que os devanditos abastecementos sexan cedidos ao Concello pasando a formar parte da rede pública de abastecemento de auga potable.

Cando por circunstancias excepcionais de seca, escaseza de caudais ou outras similares sexa preciso realizar transvases de auga da traída municipal a depósitos de traídas privadas o Concello instalará o correspondente contador e facturará o consumo realizado de acordo coas tarifas previstas na ordenanza fiscal para os usos non domésticos dentro do tramo correspondente ao de menor consumo (A01).

Se a situación persiste por máis de seis meses deixará de considerarse excepcional e o Concello comunicará aos titulares do abastecemento tal circunstancia, indicándolles que para poder seguir facendo uso da auga de titularidade municipal deberán incorporarse a rede pública de abastecemento e advertíndolles de que de non facelo procederase ao corte do subministro provisional.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte de que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os art.70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e será de aplicación a partir do exercicio 2013 conxuntamente coa nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

O presente regulamento derroga, desde o momento da súa efectiva aplicación, calquera outra norma anterior sobre a materia existente neste Concello.

A Pastoriza 25 de setembro de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4025

---

**Anuncio**

O Pleno desta Corporación en sesión de data 07 de agosto de 2012 aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación dos servizos de ensino na Escola Municipal de Música.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA****Artigo 1. Fundamento e natureza.**

Ao abeiro do previsto no art. 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do devandito texto legal, o Concello da Pastoriza establece o prezo público pola prestación dos servizos de ensino na Escola Municipal de Música, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible do prezo público a prestación dos servizos de ensino de música, linguaxe musical, práctica instrumental e vocal e restantes materias que imparte a Escola Municipal de Música.

**Artigo 3. Obrigados ao pago.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que resulten beneficiadas do servizo.

A tal efecto estarán obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen as persoas que se matriculen na Escola de Municipal de Música e no caso dos nenos e nenas os pais ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

**Artigo 4. Nacemento da obriga tributaria.**

Considérase devengado o prezo público, nacemento a obriga de contribuír, cando se inicie a prestación do servizo ou da actividade, que será a partir do momento en que se formalice a matrícula.

**Artigo 5. Tarifas.**

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:

**1. Tarifa xeral adultos**

Matrícula anual: 120 euros.

**2. Tarifa xeral nenos/as**

Matrícula anual: 100 euros.

**3. Tarifas reducidas.**

- As familias numerosas, en virtude do disposto no artigo 12.2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas terán unha redución do 50% da tarifa xeral previa xustificación, de tal circunstancia mediante a achega da fotocopia do carné de familia numerosa en vigor no exercicio en que deba surtir efectos a bonificación.

- As Familias numerosas de categoría especial, en virtude do disposto no artigo 12.2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, terán unha redución do 100% da tarifa xeral, previa xustificación, de tal circunstancia mediante a achega da fotocopia do carné de familia numerosa en vigor no exercicio en que deba surtir efectos a bonificación.

- No caso que dous ou máis membros dunha mesma unidade familiar estean matriculados na Escola de Música o segundo e seguintes terán unha redución na tarifa xeral dun 10%.

- Poderá acordarse unha redución do 100% da tarifa xeral do prezo público nos casos de urxencia social: familias suxeitas a intervención dos servizos sociais, supostos en que os membros da unidade familiar estean desempregados e aquelas familias nas que dadas as circunstancias persoais e sociofamiliares se estime conveniente polos servizos sociais. Dita bonificación requirirá o previo informe favorable dos servizos sociais e acordo da Xunta de Goberno Local.

- Nos casos de alumnos con minusvalía igual o superior ao 33%, en virtude do disposto no artigo 30 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social de minusválidos, terán unha redución do 100% da tarifa xeral.

**Artigo 6. Normas de xestión.**

1. O prezo da matrícula esixirase coa formalización daquela, o pago poderá realizarse en calquera entidade bancaria na que o Concello teña aberta conta fraccionándose da seguinte forma.

Primeiro ingreso: No momento de formalizar matrícula e polo importe do 50%. Sen dito xustificante non se poderá cursar a matrícula anual.

Segundo ingreso: Antes do 30 de marzo e polo 50% restante.

O impago no prazo indicado suporá a perda do dereito a seguir recibindo clases, sen prexuízo de que se poda esixir o pagamento pola vía de constrinximento.

2. Os alumnos/as que se atopen nalgún dos supostos de tarifa reducida deberán achegar xunto coa solicitude de inscrición a documentación que xustifiquen os feitos que dan lugar á dita redución:

- Fotocopia do carné de familia numerosa en vigor no exercicio en que deba surtir efectos a redución de tarifa.
- Fotocopia compulsada da resolución de recoñecemento de minusvalía ditada polo órgano competente.
- Informe proposta dos servizos sociais nos casos de urxencia social.

3. Os alumnos/as deberán entregar os xustificantes de pago da tarifa aos responsables da Escola Municipal de Música, que os remitirá ao Concello xunto co listado de alumnos/as, baixas ou altas producidas.

4. O pago das tarifas non exime do aboamento das indemnizacións que puidera esixir o Concello en casos de uso indebido das instalacións e medios da Escola.

#### **Artigo 7. Infraccións e sancións.**

No relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que lles correspondan en cada caso estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

#### **Disposición final**

A ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos de ensino na Escola Municipal de Música entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do mes seguinte ao da súa publicación, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pastoriza, 25 de setembro de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4026

---

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 07 de agosto de 2012 aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello da Pastoriza.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DA PASTORIZA.**

##### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

Ao abeiro do previsto no art. 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do devandito texto legal, o Concello da Pastoriza establece o prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención á Infancia (PAI) que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

##### **Artigo 2. Feito impoñible.**

Constitúe o feito impoñible do prezo público a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos do Punto de Atención á Infancia deste Concello da Pastoriza.

##### **Artigo 3. Obrigados ao pagamento.**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten os servizos para as persoas beneficiarias dos mesmos.

A tal efecto estarán obrigados ao pagamento do prezo público os pais/nais dos nenos e nenas matriculados no centro, e no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.